



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES NON REMUNERADAS DO ALUMNADO DO GRAO EN FILOLOXÍA APLICADA GALEGA E ESPAÑOLA NA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Formación Profesional Eugenia Pérez Fernández

DECLARA:

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas das/dos estudantes do Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española da Universidade de Vigo na sede central da Escola Oficial de Idiomas de Vigo e achegar as súas persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica que fose precisa.

Que existe converxencia de intereses entre ambas as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias; normativa de prácticas académicas externas da universidade asinante; normativa do plan de estudos da titulación e Real decreto 592/2014, do 11 xullo, polo que se regulan as prácticas académicas do alumnado universitario.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello



2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

